



CONCELLO DE REDONDELA

BORRADOR

ACTA DA XUNTANZA DO CONSELLO PARROQUIAL DE QUINTELA
25 DE SETEMBRO DE 2013

ORDE DO DÍA

Único: ornamentos participativos

Coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Quintela convocada para o día de hoxe, vinte e cinco de setembro de dous mil trece, no CEIP de Quintela, sendo as vinte horas e corenta minutos e baixo a Presidencia de Cándido Vilaboa Figueroa por delegación do Sr. alcalde e asistidos de min, Raquel Iglesias Blas, reuníronse as/os seguinte integrantes:

En representación dos grupos municipais:

- José Luis Villaverde Campos polo PP
- Paula Campo Camiña polo PSOE
- Xoan Carlos González Campo polo BNG
- Luisa Cayetano polo AER

Como representantes das asociacións de veciños:

- Eloy Quiñones Guisande
- Francisco Fervenza Otero
- Claudino Rodríguez Gómez

Como representantes da Comunidade de Montes:

- Generosa Leirós Barreiro
- María Carmen Pena Tomé

Como representantes da comunidade de augas:

- Francisco Javier Sánchez Martínez
- Bernardo Casas Montero

En representación das ANPAS escolares:

- Marisa Vilaboa Gómez
- Julio César Fernández Barreiro

Pola Presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar a Orde do Día.

Punto único: orzamentos participativos

O Presidente solicita coñecer do consello a proposta de destino do orzamento asignado.

Os asistentes informan de que, con carácter previo á xuntanza do Consello, reuníronse os representantes das asociacións de veciños, da comunidade de montes e da comunidade de augas ao obxecto de consensuar as actuacións ás que destinar os orzamentos. Neste Consello actuará como voceira para expoñer o acordado nesa asemblea previa Generosa Leirós Barreiro.



CONCELLO DE REDONDELA

Generosa Leirós Barreiro, comeza expoñendo a proposta consensuada de invertir o orzamento na apertura (asfaltado e canalización de pluviais) do camiño do Carballal, situado na baixada ao colexio de Quintela. Prodúcese un desacordo sobre o nome do camiño, pero todos os presentes o dan por identificado.

O Presidente di que o gasto debe destinarse a inversións en bens municipais e descoñece se o camiño é público ou privado, polo que previamente habería que aclarar esta circunstancia.

De novo a voceira Generosa Leirós Barreiro, propón realizar a inversión nunhas varandas para salvar os desniveis do terreo no contorno da Igrexa de Quintela e no camiño de San Mamede.

O representante do BNG indica que, de ser necesario este gasto, debería ser asumido polo Concello fóra dos orzamentos participativos.

O Presidente se amosa de acordo con esta afirmación.

Continúa a voceira propoñendo como destino dos cartos a construción de equipamento deportivo tal como un campo de fútbol ou cancha de baloncesto, posto que, di, a parroquia carece de tales dotacións.

Respecto desta última proposta, o Presidente indica que neste momento non se conta cun terreno municipal adecuado na parroquia que puidera ser destinado a tal fin. Que o presuposto debe invertirse nunha actuación inmediata, polo que polo de agora a construción desta infraestrutura non é posible.

O representante do grupo municipal do BNG pregunta ao Presidente as condicións da execución do gasto: importe e prazos.

O Presidente informa de que a cantidade é de 13.500,00 € que deben ser aprobados pola Intervención municipal e pagados pola Tesourería antes do 15/12/2013.

A representantes da comunidade de montes, Generosa Leirós Barreiro, de novo propón unha nova serie de actuacións:

1. a instalación de dúas marquesiñas nas paradas do autobús. Unha se colocaría no camiño de San Mamede, na curva da Lameira, á altura da Igrexa e a outra se colocaría á altura do tanatorio no cambio de sentido de circulación.
2. obras de recollida de pluviais na subida do Carballal
3. Sanear a Fonte da Faxina
4. Poñer alomenos tres puntos de luz no camiño da Pedreira.



CONCELLO DE REDONDELA

Respecto desta última actuación, o representante da comunidade de augas Francisco Javier Sánchez Martínez mostra a súa disconformidade e indica que alí vive só un veciño e polo tanto ese gasto non beneficia á comunidade en xeral.

A representante do grupo municipal AER indica que é un veciño e que ten dereito, posto que paga os seus impostos como os demais.

No mesmo sentido, o Presidente di que se hai unha casa ten que ter servizos públicos de alumeadado público e subministro de augas e alcantarillado igual que os demais.

O representante da asociación de veciños, Francisco Fervenza Otero, tamén mostra a súa conformidade con esta última actuación.

Por outra banda, Eloy Quiñones Guisande, en representación das asociacións de veciños engade a proposición de colocación de sinais de tráfico na subida da portela, así como en outras localizacións.

O Presidente indica que iso non é decisión directa dos veciños, que debe previamente realizarse un estudo dos responsables de tráfico e da policía local e que é un tema aparte ao do destino dos fondos.

Francisco Javier Sánchez Martínez, como representante da comunidade de augas propón a construción de bases de formigón para asentar os colectores de lixo.

O representante do BNG recalca, novamente, que estes son gastos obrigatorios para o Concello, e que deben solicitarse independentemente do que se está a debater.

Na mesma liña, a representante da AER entende que as varandas das que se falara antes, os sinais e incluso as marquesiñas deben ser un gasto corrente do Concello posto que son necesarias, aparte das dotacións que deben sufragarse co orzamento concedido para dotacións na parroquia.

A isto o Presidente responde que neste momento non hai diñeiro no orzamento municipal para marquesiñas como gasto corrente do Concello e que se as queren poden destinar o orzamento á súa instalación.

O representante do BNG indica que hai moitas propostas enriba da mesa e que deben establecerse as prioridades.



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente está de acordo coa ordenación das actuacións segundo a súa prioridade e propón a confección dunha lista de actuacións, de modo que se irán executando consecutivamente en tanto non se esgote o orzamento.

Os representantes da ANPA queren propoñer a actuación do asfaltado do contorno do colexio e mellora dos accesos ao colexio dos usuarios con discapacidades.

Neste momento ábrese un debate sobre a competencia para a actuación no inmovible da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por se-la titular. O representante do grupo municipal BNG asesóralles sobre os procedementos e actuacións que son competencia do Concello por Convenio (limpeza, obras menores de mantemento) e indícalles que a maior parte son competencia da Consellería. Zanza o debate o Presidente que indica que estes gastos nos colexios por parte do Concello forman parte dos Convenios de Autoxestión, polos importes que se asignan anualmente a cada colexio e se decide na sede do Consello Escolar, quedando fora do debate que ocupa nesta sesión.

O Presidente procede a expoñer a lista de prioridades de actuación que se foron expoñendo durante o debate como posibles actuacións do seguinte xeito:

- 1) Apertura do camiño do Carballal (subida ao colexio), incluíndo asfaltado e canalización de pluviais, no caso que resulte ser de titularidade pública.
- 2) Instalación de marquesiñas nas paradas, segundo se indicara anteriormente.
- 3) Quedaría a futuro (cando haxa terreo dispoñible) a construción de equipamentos deportivos (campo de fútbol/cancha de baloncesto)

Por asentimento unánime os membros da Comisión aproban a anterior relación de prioridades de actuación.

A continuación o Presidente pregunta sobre a execución do orzamento, en concreto si os presupostos os pedirá o propio consello ou prefiren que se ocupe o Concello. Indícalles que no caso de ocuparse eles mesmos, deberán pedir tres facturas de cada obra a diferentes provedores.

Os representantes das asociacións de veciños móstranse a favor de que o faga o Concello.

As representantes das ANPAS, en cambio, plantéxanse a posibilidade de pedilos eles mesmos.

Francisco Javier Sánchez Martínez, representante da comunidade de augas opina que é mellor ocurpase eles mesmos de buscar os presupostos para o



CONCELLO DE REDONDELA

asfaltado e as marquesiñas. Neste último caso propón que as instalen os obreiros municipais.

O Presidente di que o normal é que instale as marquesiñas o mesmo que as subministra, pero non descarta que se poida negociar coa empresa a instalación polos operarios de vías e obras do Concello a cambio dunha rebaixa no precio final.

Chegados a este punto do debate, o Presidente insta a unha votación sobre a xestión (responsabilidade de solicitar os orzamentos) polo Concello con seguinte resultado:

Polas asociacións de veciños: 3 votos a favor

Pola comunidade de montes: 2 votos a favor

Pola comunidade de augas: 1 voto a favor (Bernardo Casas Montero) e un voto en contra (Francisco Javier Sánchez Martínez)

Polos representantes das ANPAS: 2 votos a favor

Os representantes do PSOE e do PP abstéñense a favor da opinión dos veciños.

No mesmo sentido os representantes do BNG e de AER, indicando que pensan que este Consello leva pouco tempo funcionando e que, aínda que é boa opción a autoxestión, de momento non está suficientemente consolidado o seu funcionamento interno.

O Presidente declara acordado por maioría que sexa o Concello o encargado de solicita-los orzamentos das actuacións aprobadas, facendo constar a posibilidade de que máis adiante poida ser o propio Consello quen o faga. Indica tamén que sería conveniente volver a reunirse en 15 días.

Respecto da proposta dunha nova xuntanza todos os presentes, acordan reunirse co obxecto para comprobar o curso das actuacións o día 16 de outubro de 2013 (mércores).

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.

Dilixencia: Esténdese para facer constar que a presente acta foi corrixida na xuntanza do 07.02.2014, na páxina tres, parágrafo cuarto na actuación do Sr. Fervenza Otero xa que dicía que “ *tamén mostra a súa disconformidade con esta última actuación*” cando debería dicir que mostra a súa conformidade.